



PLAN DIXITAL

IES POETA AÑÓN

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. [Introdución](#)
 - 1.1. Datos básicos do centro
 - 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
 - 1.3. Breve xustificación do mesmo
 - 1.4. Proceso de elaboración

2. [Situación de partida](#)
 - 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
 - 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
 - 2.3. Análise DAFO

3. [Plan de Acción](#)
 - 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
 - 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. [Avaliación do PD](#)
 - 4.1. Seguimento do Plan de Acción
 - 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. [Difusión do PD](#)

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

- Nome: IES POETA AÑÓN (Outes)
- Enderezo: Rúa Poeta Añón, 21 – A Serra de Outes (Outes) – 15230 A Coruña
- Correo electrónico: ies.poeta.anon@edu.xunta.gal
- Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iespoetaanon/>
- Etapas educativas: ESO e ESA.
- Alumnado de ESO no curso 2021-2022: 129, con dous grupos en cada un dos niveis desta etapa educativa.
- Alumnado de ESA no curso 2021-2022: 22
- Profesorado no curso 2021-2022: 23



1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O IES Poeta Añón pertence ao concello de Outes e está situado na capital municipal, A Serra de Outes. Este municipio atópase no suroeste da provincia de A Coruña, ocupando máis da metade da parte setentrional da ría que forma o río Tambre. Limita cos municipios de Noia, Mazaricos, Muros e Negreira. A Serra de Outes dista 7 km de Noia, 15 de A Picota (Mazaricos), 25 de Muros, 40 de Santiago e 105 da capital provincial. A súa superficie é de 100 quilómetros cadrados e está dividida en 10 parroquias.

O total de habitantes do concello é de 6155 persoas, segundo os datos do Instituto Galego de Estatística a 1 de xaneiro de 2020, o cal supón unha densidade de 62 habitantes por km²; se ben a poboación tende a concentrarse no litoral, de xeito que a maioría vive nuns cantos núcleos próximos á costa: A Serra, O Freixo, Serantes-Vara, Cruceiro de Roo e Pontenafonso, que suman en total máis da metade da poboación. Hai que salientar que a idade media dos habitantes deste concello aumentou considerablemente desde finais do século pasado, pasando de 44,5 anos de media no ano 1999 aos 52,99 anos no ano 2020, algo que unido ao descenso sufrido pola poboación nestes mesmos anos leva a que o número de alumnos do centro sexa cada vez menor.

Nestas gráficas pódense observar a evolución da poboación de Outes desde que se inaugurou este instituto ata o día de hoxe e a pirámide de poboación actual. Sobran outros comentarios.

Así ha cambiado la población en Outes



Trátase dun concello agrícola, gandeiro e marisqueiro, aínda que tamén existe unha poboación dedicada á industria, na que hai que destacar serradoiros, estaleiros e construción. Ten tamén importancia o sector servizos, sobre todo a hostalería coa existencia de diversas casas de turismo rural.

As súas características orográficas fan que o alumnado, residente en distintas zonas rurais dispersas, dependa nun 90% dos casos do transporte escolar para acceder ao centro.

Este Plan Dixital forma parte das actuacións globais do centro e polo tanto incide de maneira directa no seu funcionamento a través da participación dos distintos departamentos didácticos que inclúen actuacións e actividades que permiten o seu desenvolvemento eficiente no traballo diario co alumnado do centro.

Agardamos que co impulso que se lle quere dar ao uso das tecnoloxías da información e da comunicacións no centro, recollido neste Plan Dixital, poidamos conseguir un uso racional que mellore a calidade do ensino no noso centro. Neste sentido, é evidente que se pretende influír positivamente no conxunto da Programación Xeral Anual de cara ao curso 2022-2023.

1.3. Xustificación do Plan Dixital

Este Plan Dixital pretende favorecer un cambio metodolóxico que permita un mellor aproveitamento das posibilidades que as tecnoloxías da información e a comunicación ofrecen.

A aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación ao traballo na aula convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións. A súa importancia social, e o lugar preferente que ocupan xa na vida dos rapaces e das rapazas, fai que deban estar presentes nos centros educativos, de modo que aqueles adquiren os coñecementos e habilidades necesarias para abordar con garantía de éxito a súa utilización nos contornos de aprendizaxe, familiares e de lecer.

Trátase de que o alumnado, ao rematar a escolarización obrigatoria, acade unha competencia dixital. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información; en definitiva, para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das mesmas como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Por outra parte, é de aplicación a normativa actual referida á elaboración do Plan Dixital do centro para a súa aplicación no curso 2022-2023:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art.132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración deste Plan Dixital tivéronse en conta os resultado obtidos no SELFIE realizado polo profesorado e o alumnado do centro no mes de decembro de 2021, analizados polo equipo de dinamización do Plan Dixital.

Tendo en conta estes resultados elaborouse un documento de debilidades, fortalezas, oportunidades e ameazas (DAFO) que recolle a realidade do centro con respecto ao uso e desenvolvemento das tecnoloxías da información e comunicación.

Esta información e a colaboración de boa parte do profesorado do centro permite elaborar este documento desde a vía do consenso na procura dun uso racional e mellorado das ferramentas dixitais que permita mellorar a calidade do proceso de ensino e aprendizaxe.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Análise da situación do centro

O IES Poeta Añón foi un dos centros seleccionados para a implantación do proxecto E-Dixgal no curso 2019-2020 en 1º da ESO, ampliándose no seguinte curso ao nivel de 2º da ESO e no curso 2021-2022 a 3º e 4º de ESO.

Certo é que en varias materias utilízase tamén o libro de texto impreso como material complementario. Tendo en conta esta realidade sería conveniente que puidesen coexistir o proxecto E-Dixgal xunto co programa de fondo de libros de texto.

Por outra parte, a raíz da “necesidade” provocada pola pandemia, aumentou considerablemente o uso da Aula Virtual do centro, sendo de uso frecuente por unha boa parte do profesorado.

Equipamento actual do centro.

O material informático do centro está identificado, pero falta ter unha relación completa das características de cada un dos equipos.

En calquera caso cabe salientar que na actualidade o centro conta cos seguintes recursos:

- Aula de Informática 1: Dotada con 20 ordenadores adquiridos cos recursos do centro, un deles está destinado ao uso do docente que utilice a aula. Dispón tamén dun proxector, dun encerado branco e dunha impresora láser. É necesario dotar a esta aula dunha pantalla interactiva.
- Aula de Informática 2: Dotada con 20 ordenadores, un deles está destinado ao uso do docente que utilice a aula. Dispón tamén dun proxector e dun encerado dixital interactivo.
- Aula de usos múltiples: Un proxector, un equipo de audio e un encerado branco. É necesario facer unha instalación axeitada para o uso que ten a aula. Como dotación mínima de cara ao vindeiro curso necesítase un ordenador que estea preparado para o seu uso e evitar os problemas habituais de configuración do son. Tamén se necesita renovar algún cableado do equipo de son xa que fallan moitas veces.
- Aula de Educación Plástica e Visual: Dispón dun ordenador de sobremesa, un proxector, unha impresora e un encerado verde. Non dispón de pantalla interactiva.
- Aula de Música: Dispón dun ordenador fixo e dun ordenador portátil, xunto cun proxector e un encerado branco.

- Aula de apoio (PT): Dispón dun ordenador portátil adquirido polo centro e dous ordenadores con máis de 12 anos de antigüidade para o uso do alumnado, aínda que este problema solúciónase cos equipos portátiles dos que dispón o alumnado que fai uso do servizo desta aula. Carece de pantalla interactiva.
- Aulas de tódolos grupos de ESO: Dispoñen da dotación tipo dunha aula do proxecto E-Dixgal, incluíndo os equipos do alumnado. Os ordenadores do profesor das aulas de 3º e 4º de ESO son equipos con dez anos de antigüidade, notándose isto no traballo do día a día, sendo necesaria a súa actualización ou renovación.
- Aulas de desdobre (2): Dispoñen só de proxector e encerado branco, sen ordenadores.
- Biblioteca: Catro ordenadores para uso do alumnado e un para a xestión. Dispón tamén dunha impresora láser. Hai que facer notar que o número de ordenadores para uso do alumnado baixou de seis a catro por mor das avarías de dous deles que non compensaba arranxar dadas as características técnicas dos mesmos. Sería conveniente dotar con dous ordenadores novos á biblioteca para uso do alumnado tendo en conta a alta demanda de uso por parte do alumnado dos ordenadores existentes.
- Departamentos: Dispoñen de equipamento informático os departamentos de Lingua Galega, Lingua Castelá, Matemáticas, Ciencias Sociais, Francés Tecnoloxía, Inglés e Orientación, que dispón dun ordenador e dunha impresora en cor. No resto dos departamentos non hai equipamento, agás algún "traído" da súa casa por parte dalgún profesor ou profesora e en algúns dos citados os ordenadores teñen máis de dez anos de antigüidade. Coa dotación de novos ordenadores para uso individual do profesorado dos departamentos preténdese mellorar o acceso do profesorado ao uso dos equipos informáticos, que é un dos obxectivos deste plan.
- Sala do profesorado: Cinco ordenadores, dedicándose un deles en exclusiva a tarefas relacionadas coa xestión do centro. Dispón tamén dunha impresora multifunción.
- Dirección: Un ordenador e unha impresora láser. É necesario renovar o ordenador de Dirección. Xefatura de Estudos, Xefatura de Estudos para adultos e Secretaría : Cada unha cun ordenador, tendo necesidade de substituír de forma urxente o de Xefatura de Estudos para adultos.
- Administración: Un ordenador e unha impresora capacitada para imprimir en formato A3.
- Outros recursos: Fotocopiadora en conserxería e un servidor de recursos que forma parte da dotación correspondente ao proxecto Abalar.

- O centro dispón de conexión por cable e Wifi, notándose moito a mellora desta infraestrutura a raíz do Programa Escuelas Conectadas. É evidente que canto maior sexa a velocidade de conexión a internet maior será o grao de satisfacción no uso de ferramentas e materiais que fan uso da mesma.
- Páxina web do centro.
<http://www.edu.xunta.gal/centros/iespoetaanon/>
- Aula Virtual Moodle do centro.
<https://www.edu.xunta.gal/centros/iespoetaanon/aulavirtual/>
- Uso do Abalar Móbil para comunicacións a toda a comunidade educativa.

Mantemento.

O mantemento de tódolos equipos que forman parte da dotación do proxecto E-Dixgal corre a cargo dos servizos da Consellería de Educación, servizo co que temos un alto grao de satisfacción. O problema principal xorde co mantemento do resto do equipamento do que dispón o centro, tanto a nivel de hardware como de software, mantemento que debemos tentar que sexa mellor do que hai na actualidade.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.		3,7			
	Profesorado		3,7			
	Alumnado		---			
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.		3,3			
	Profesorado		3,4			
	Alumnado		3,3			
C- Infraestructuras e Equipos	Equipo Direct.		4,2			
	Profesorado		4,2			
	Alumnado		4,5			
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.		3,7			
	Profesorado		4,1			
	Alumnado		---			
E- Pedagogía: Apoyo e Recursos	Equipo Direct.		4			
	Profesorado		4,3			
	Alumnado		4,1			
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.		3,7			
	Profesorado		3,8			
	Alumnado		3,5			
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.		3,4			
	Profesorado		3,7			
	Alumnado		3,2			
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.		3,6			
	Profesorado		4			
	Alumnado		3,7			

Test CCD

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	13	22	59,1%
PROVISIONAL	0	1	0%
INTERINO	0	1	0%
SUBSTITUTO	0	1	0%
DESPRAZADO	0	0	---

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
87,1	Integrador (B1)	76,4	Integrador (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	87,1	Integrador (B1)	76,4	Integrador (B1)
BAC	---	---	---	---
F.P.	---	---	---	---

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	0	0%
A2	5	38.5%
B1	3	23.1%
B2	3	23.1%
C1	2	15.4%
C2	0	0%
TOTAL	13	100.00%

2.3. Análise DAFO

Documento DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMIENTO	Dispositivos a disposición de todo o alumnado do centro dentro do Plan E-Dixgal. Dispositivos a disposición do profesorado que imparte a materia dentro do Plan E-Dixgal. Conexión a internet aceptable para unha parte do profesorado.	Non todos os docentes dispoñen de dispositivos dixitais. Non se dispón de asistencia técnica fóra dos dispositivos do Plan E-Dixgal. A protección dos datos dos usuarios podería ser máis consistente.
	PERSOAL DOCENTE	Implicación do profesorado para mellorar os seus coñecementos de tal xeito que lle faciliten o uso de tecnoloxías dixitais no ensino. Participación en actividades de formación para o desenvolvemento profesional.	Non se avalían, en xeral, os progresos en materia de ensinanza e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.
	PERSOAL NON DOCENTE	Implicación nas tarefas básicas de mantemento de equipamento como pode ser a clonación de equipos cando se necesita.	Escaseza de intercambio experiencias e debate no centro sobre o ensino con tecnoloxías dixitais.
	ALUMNADO	Facilidade do alumnado, na súa maioría, para o acceso a dispositivos dixitais, tanto no centro como fóra do centro. Agradece o uso de recursos dixitais no seu proceso de aprendizaxe.	Uso limitado de dispositivos dixitais fóra do centro para tarefas de aprendizaxe.
	FAMILIAS	Apoio ao labor docente desenvolvido no centro. Boa receptividade coas comunicacións que se fan desde o centro.	As familias soen carecer de formación dixital.
	OFERTA	Implementación do Plan E-Dixgal para todo o alumnado do centro. Uso maioritario por parte do profesorado de recursos dixitais no proceso de ensino aprendizaxe.	O alumnado demanda un maior grao de retroalimentación por parte do profesorado cando se usan ferramentas de avaliación dixitais.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	O centro ten unha comunicación regular e ben organizada cos membros da comunidade educativa.	Non existe cultura de traballo colaborativo en rede por parte do profesorado. O profesorado non ten tempo para explorar como mellorar o seu método de ensinanza con tecnoloxías dixitais. Non existe unha verdadeira estratexia dixital no noso centro.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Implementación do Plan E-Dixgal coa conseguinte dotación de equipamento para o ensino dixital.	Exceso de traballo burocrático impropio da función docente. Non recoñecemento da importancia do labor docente e da esixencia que supón para o profesorado. Equipamento obsoleto que necesita ser substituído por novos dispositivos.
	LEXISLACIÓN	Nova lei educativa que fai fincapé na capacitación do alumnado e do profesorado para desenvolverse nun entorno no que cada vez máis se fai necesario un uso responsable e competente da tecnoloxía.	Continuos cambios das leis educativas que ás veces provocan desencanto entre o profesorado. Esixese que se cumpra con requisitos burocráticos que restan tempo para preparar recursos educativos dixitais que permitan mellorar a calidade do ensino.
	CONTORNA	A cantidade de alumnado do noso centro facilita unha boa atención ao mesmo en tódolos aspectos educativos, incluído o ámbito dixital.	Ao ser un concello rural a mellora das conexións a internet avanza lentamente e supón, en moitos casos, unha dificultade no uso das novas tecnoloxías nos fogares do noso alumnado.
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES	A colaboración entre a administración local e o centro educativo é moi boa, participando de forma conxunta en diversas actividades.	

3. Plan de Acción

Unha vez elaborado o documento DAFO polo equipo de dinamización do Plan Dixital tomouse, de xeito consensuado, a decisión de centrarnos en dous obxectivos de mellora de cara ao vindeiro curso 2022-2023. Os obxectivos elixidos son os que se indican a continuación.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

[INFRAESTRUTURAS E EQUIPOS] Mellorar o servizo de mantemento do equipamento que non pertence á dotación propia do proxecto E-Dixgal. Neste obxectivo inclúese tanto os aspectos referidos ao hardware como ao software, procurando ter os equipos actualizados e cun funcionamento óptimo.

[PRÁCTICAS DE AVALIACIÓN] Incrementar o uso das ferramentas dixitais nos procesos de avaliación do alumnado. Preténdese con isto que o profesorado sexa consciente das vantaxes que ofrece o uso destas ferramentas nos procesos de avaliación, que poden ser usadas de forma complementaria con outras ferramentas non dixitais. En todo caso, o uso de ferramentas dixitais non debera supor que o alumnado non teña a necesaria retroalimentación do traballo realizado, senón todo o contrario. O uso das ferramentas dixitais nos distintos procesos de avaliación pode e debe facilitar unha mellora na retroalimentación cara ao alumnado.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Para o desenvolvemento do Plan de Dixital para o vindeiro curso 2022-23 sería necesario unha serie de melloras no equipamento do centro:

Cantidade	Equipamento	Usos do equipamento
12	Ordenadores portátiles	Para a realización das tarefas administrativas e/ou creación de contidos didácticos por parte do profesorado que non dispón do equipamento E-Dixgal.
6	Pantallas interactivas	Aula de Inf 1. Aula de Ed. Plástica e Visual. Aula de Música. Ximnasio. Aula de apoio. Aula de ESA.
5	Ordenadores portátiles	Coordinación TIC, Dep. de FeQ, Dep. de Ed. Física, Dep. de Bioloxía e Xeoloxía e Sala de usos múltiples.
2	Ordenadores portátiles	Renovación dos ordenadores dos departamentos de Francés e de Tecnoloxía.
4	Ordenadores de sobremesa	Renovación dos ordenadores de Dirección e Xefatura de Estudos de ESA. Biblioteca (2)

Área de mellora: INFRAESTRUTURAS E EQUIPOS [C]						
OBXECTIVO 1 (1):	Conseguir que os equipos que non pertencen á dotación do proxecto Abalar teñan un mantemento axeitado. [C5]				Acadado	
RESPONSABLE:	Persoa coordinadora TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Os equipos informáticos do centro son revisados e actualizados ao inicio de cada trimestre e reparados, o antes posible, no caso de avarías.					
Valor de partida (3)	Na actualidade non se dispón dun servizo contratado a tal efecto.					
Valor previsto e data (4)	Contratar a unha empresa que faga este mantemento.			30/09/2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Contactar con algunhas empresas do sector que operen no concello de Outes.	Persoa coordinadora TIC	10/09/2022	Non se precisan		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Analizar as ofertas presentadas polas empresas interesadas neste servizo.	Equipo de dinamización do Plan Dixital	15/09/2022	Non se precisan		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Formalizar o correspondente contrato coa empresa elixida.	Secretario/a do centro	30/09/2022	Non se precisan		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Comprobar que se realiza de forma correcta o servizo de mantemento contratado.	Persoa coordinadora TIC	30/06/2023	Non se precisan		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área de mellora: PRÁCTICAS DE AVALIACIÓN [G]						
OBXECTIVO 2 (1):	Incrementar o uso de Moodle (E-Dixgal e Aula Virtual) nos procesos de avaliación do alumnado. [G1 – G3 - G7]				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura de estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	O 60% do profesorado do centro utiliza con asiduidade ferramentas dixitais nos procesos de avaliación do alumnado.					
Valor de partida (3)	O 27% do profesorado do centro utiliza con asiduidade ferramentas dixitais nos procesos de avaliación do alumnado.					
Valor previsto e data (4)	Cando menos o 60% do profesorado utiliza ferramentas dixitais na avaliación do alumnado .			30/01/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Formar en avaliación e emprego do libro de cualificacións en cursos Moodle a través dun PFPP.	Dirección do centro	30/09/2022	Convocatoria do PFPP		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Crear categorías e subcategorías para a xestión das cualificacións.	Profesorado das diferentes materias	15/10/2022	Plataforma E-Dixgal e/ou Aula Virtual do centro. Cursos de cada materia participante e criterios de cualificación. Dotación de ordenadores para uso docente e individual do profesorado.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Incluír tarefas e probas nas categorías e subcategorías do libro de cualificacións.	Profesorado das diferentes materias	22/12/2022	Plataforma E-Dixgal e/ou Aula Virtual do centro. Actividades das materias. Dotación de ordenadores para uso docente e individual do profesorado.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.4: Cualificar tarefas e probas nas categorías e subcategorías do libro de cualificacións.	Profesorado das diferentes materias	31/01/2023	Plataforma E-Dixgal e/ou Aula Virtual do centro. Actividades das materias. Dotación de ordenadores para uso docente e individual do profesorado.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

- (1) Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART” (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
 - a. Específicos (Specific), é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - b. Medibles (Measurable), deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - c. Alcanzables (Achievable), é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - d. Relevante (Relevant), debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
 - e. Definidos no tempo (Time bound), isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a persoa responsable do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, reflectirase na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (Acadado ou Non acadado).

- (2) INDICADOR: Permitirán avaliar a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) VALOR de PARTIDA: Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) VALOR PREVISTO: Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a data límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) DESCRICIÓN: Establecer e numerar accións concretas e necesarias, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) RESPONSABLES: Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) DATA PREVISTA FIN: Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) RECURSOS NECESARIOS: Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) VALORACIÓN DA ACCIÓN: No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) ESTADO: Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

4. Avaliación do plan

4.1. Seguimento do Plan de Acción

Na avaliación deste Plan Dixital inclúese o seguimento do plan de acción de cada un dos obxectivos de mellora propostos para o vindeiro curso 2022-2023 e a análise dos resultados observados pola persoa coordinadora TIC xunto co resto do equipo de dinamización do Plan Dixital.

Para cada un dos obxectivos de mellora indicados neste plan procederase a comprobar, na data prevista para o remate de cada unha das accións deseñadas, se a acción correspondente foi completada ou non. No caso de que fose necesario un axuste dos tempos tomaranse, por parte do equipo de dinamización, as decisións e accións necesarias para solucionar os aspectos que fosen convenientes co fin de conseguir os obxectivos fixados inicialmente.

4.2. Propostas de mellora (revisión)

Tamén, para cada un dos obxectivos, no caso de que se cumpran os prazos previstos analizaranse e valoraranse os resultados obtidos para ver se é posible conseguir un avance maior do que inicialmente estaba previsto. No caso de que pareza oportuno facer algunha revisión ao respecto procuraranse medidas orientadas a acadar un maior nivel dos obxectivos previstos neste plan.

5. Difusión do plan

Este Plan Dixital estará publicado na páxina web do centro.

Para que toda a comunidade educativa estea ao tanto disto, e por tanto do contido do Plan Dixital, utilizaranse o correo electrónico e o Abalar Móbil co obxectivo de informar sobre a súa publicación.

DOCUMENTO APROBADO NO CONSELLO ESCOLAR DO 07/07/2022